

## CONCURSO LITERARIO ESCOLAR “INVENTA UNHA FLOR”

A Asociación Sociocultural Muíño do Vento, en colaboración cos centros educativos do barrio de Canido, promoven a participación na festa dos Maios, tradicional no barrio, coa convocatoria dun concurso literario escolar que baixo o título de *Inventa unha flor* pretende lembrar e estimular os valores de cooperación, non violencia, beleza e respecto pola Natureza mediante a palabra e o mantemento dos costumes populares e da lingua do noso país.

O concurso *Inventa unha flor* non ten intención competitiva senón colaborativa, polo que se procurará e estimulará a cooperación entre o alumnado concorrente. O premio será, por tanto, apenas simbólico, consistindo na publicación do texto nunha edición conxunta en formato dixital. Os autores e autoras dos textos elixidos recibirán, así mesmo, unha semente dunha árbore “para que a súa flor encha o mundo”.

Cada un dos centros educativos participantes organizará a actividade en función das súas posibilidades e as idades do seu alumnado, dividindo o concurso nas categorías que estime oportunas. O calendario de realización e presentación dos traballos será tamén elaborado por cada centro, sempre que no día 4 de maio de 2013 estea resolto o concurso en todas as súas categorías.

As alumnas e alumnos participantes deberán presentar un texto, en calquera xénero e forma de expresión literaria (incluída a banda deseñada), no que necesariamente unha flor inexistente terá que estar presente en calquera circunstancia do traballo presentado. O alumnado de Educación Infantil poderá concorrer cun traballo exclusivamente gráfico. Os textos presentaranse asinados co nome e a idade dos participantes.

Os textos terán de ser presentados en lingua galega, en tamaño de letra de 12 puntos. A súa extensión non será superior a dúas páxinas DIN A4, incluída ilustración. De a levar, a ilustración non será avaliábel no concurso agás nos traballos de Educación Infantil.

Os centros educativos participantes comprométense a realizar un maio colectivo, en zona visíbel dende o exterior do recinto escolar, no que se procurará a maior implicación posíbel de cadansúa comunidade educativa. Os centros educativos participantes, e/ou as ANPAS e familias, estimularán a realización dun maio, do estilo e tamaño que prefiran, individual ou colectivo, nas inmediacións do domicilio de cada participante. No caso de se confeccionar o maio, a carón do mesmo deberá figurar o texto do concurso, de forma visíbel e perfectamente lexíbel.

O xurado estará constituído por alumnado e/ou profesorado escollido a criterio de cada centro, así como un representante da ASC Muíño do Vento. Antes do 16 de abril de 2013 cada centro elixirá un máximo de 12 traballos, para a súa edición conxunta. En todo caso, os centros procurarán, da mellor forma posíbel, valorar o traballo de todas e cada unha das persoas participantes.

Independentemente dos recoñecementos devanditos, os centros poden engadir algún outro, se o estiman oportuno, sempre que vaia acorde coas finalidades deste concurso. Os centros buscarán a forma de expor os textos polo barrio, nas xanelas das vivendas, contando coa colaboración e participación expresa da veciñanza.

Paralelamente, a ASC Muíño do Vento organiza o *I Premio “Muíño do Vento” de Textos de Contraportada para obras de Literatura Infantil e Xuvenil editadas en galego*, coa fin de pór en valor aquilo que está sempre detrás do que se ve e socialmente máis se valora, entre os libros presentados polos seus autores e editados durante o ano anterior á convocatoria de *Inventa unha flor*. O xurado formaranos socios da ASC Muíño do Vento e unha persoa representante de cada un dos centros participantes na actividade.

No día 4 de maio, organizarase un acto músico festivo nun lugar do barrio onde os maios estean presentes, no que a persoa premiada no *Concurso de Textos de Contraportadas* recibirá o seu recoñecemento da man do alumnado premiado no *Inventa unha flor*. Do mesmo modo, o autor ou autora premiada entregará cadanseu recoñecemento ás alumnas e alumnos seleccionados por cada escola participante.